
ATALAIA
XORNAL ESCOLAR - Nº 4
CEIP Cervo Nº 1
ABEL

Xa está aquí o fin do curso escolar 2014-15, e como todo o que remata deixanos aos pequenos e aos maiores unha sensación de "despedida", aínda que só sexa por un curto espazo de tempo.

Pero xunto coa "despedida" do curso, énchenos de ledicia dar unha BENVIDA con maiúsculas a unha nova entrega de ATALAIA, e xa vai polo Nº 4, o cal é un motivo grande de satisfación para pequenos e maiores, que o noso humilde xornal escolar se manteña no tempo e cada ano por estas datas vexa a luz.

Contos, poemas, debuxos, encrucillados..., cousas moi rinxaliñas, cousas dos nenos e nenas de San Cibrao, traballiños do día a día que adquiren unha dimensión especial ao conformar unha unidade diferente entre todos, ao conformar ATALAIA. Algo que os nenos e nenas, que dun xeito case inconsciente contribúen a esta obriña, valorarán na súa xusta medida co paso dos anos, cando de adultos lles caia nas mans algún exemplar de ATALAIA e vexan alí o seu nome e recorden os seus traballiños de nenos.

Este tipo de traballos rematan por converterse nun símbolo, nun sentimento que non debemos perder, e neso estamos.

So me queda felicitar aos mestres e mestras implicados, ao Equipo de Normalización Lingüística pola súa iniciativa e coordinación e sobre todo aos nenos e nenas de San Cibrao que fixeron, fan e seguirán facendo que esta obra humilde, pero moi grande en valor emocional, que ATALAIA se quede para sempre entre todos nós.

Bo verán a todas e a todos!!

Xulián Amarelo

# VISITA AO CENTRO DE CONSUMO DE VEGADEO.

O XOVES 14 DE MAIO FOMOS AO CENTRO DE CONSUMO DE VEGADEO.

O TALLER QUE FIXEMOS CHAMASE:

UN ALMORZO SAUDABLE.

PARA FACER UN ALMORZO SAUDABLE FOMOS MERCAR OS INGREDIENTES AO SUPERMERCADO.

INGREDIENTES:

- IOGUR.
- MARMELADA.
- CEREAIS.
- FROITA { · MANDARINA · AMORODO.

LOGO CADA NENO/A FIXO O SEU ALMORZO.

1º BOTAMOS UNHA CULLER DE IOGUR.

2º UN POUCO DE MARMELADA.

3º UNS POUCOS CEREAIS.

4° ALGO DE FROITA:
MANDARINA E
AMORODO.

5° DEGUSTÁMOLO.

QUE SABOROSO!!!

BEATRIZ
ALEIXO
VALERIA
CLAUDIA
MANUEL



GUILLERMO CELIA
NURIA JOEL
SAMUEL

4° NIVEL E.I.

# O DESERTO

OS DESERTOS SON ZONAS ONDE CASE NUNCA CHOVE POR ISO SON OS LUGARES MÁIS SECOS DA TERRA.

LARISSA



DANIEL E YERAY

NO DESERTO FAI MOITA CALOR DURANTE O DÍA.

ALESANDER




AS NOITES NO DESERTO SON MOI FRÍAS.




BRAIS

NO MEDIO DO DESERTO HAI

OASIS :LUGARES CON AUGA E VEXETACIÓN.

SAMUEL



MANUEL

# NO DESERTO HAI DIFERENTES ANIMAIS:



ESCORPIÓN

DROMEDARIO





SERPE

DANIEL E ROI





RAPOSOS DO DESERTO

ABEL

VOITRES





ABEL

E TAMEN HAI ÁRBORES E PRANTAS COMO POR EXEMPLO:



CACTOS



PALMEIRAS

RUTH E JOAO

# QUE COUSA COUSIÑA É

Que cousa cousiña é
que cousa cousiña é
atende o que che eu digo
se ti o queres saber.
(2 VECES)

CLARA D.

Levo a miña casa o lombo
camiño só cunha pata
e sempre por onde vou
deixo un fío de prata.
(2 VECES)

MAEVE



CLARA P.

Que cousa cousiña é
que cousa cousiña é
atende o que che eu digo
se ti o queres saber
(2 VECES)

M. BILAL

Teño a cabeza de ferro
o meu corpo é de madeira
aquel a quen pillo un dedo
é grande o berro que
pega.
(2 VECES)

CARLOS



ANTÓN

Que cousa cousiña é
que cousa cousiña é
atende o que che eu digo
se ti o queres saber.
(2 VECES)

WILLIAM

É branco coma o papel
e rompe coma o cristal
todos o poden abrir
ninguén o pode pechar.
(2 VECES)

NAROA



UXIA

Que cousa cousiña é
que cousa cousiña é
atende o que che eu digo
se ti o queres saber.

CLARA P.

(2 VECES)

Dime ti que tanto sabes
e que presumes de chencha
que animal é o que anda
sempre cos pés na cabeza.

(2 VECES)

SERGIO



NAROA

Que cousa cousiña é
que cousa cousiña é
atende ó que che eu digo
se ti o queres saber.
(3 VECES)

MATEO

Clara

William

Sergio

Mareve

Antón

UXIA

Carlos

Mateo

Clara

M.B.

Naroa

Adiviña

Sae de día

e se esconde de noite.

Yago Fernández Lorenzo.

Poesía

Érguete maio,

moito durmiches,

que pasou o cuco

e ti non o viches.

Ihen Teixeira Amate. 1º

Adiviña

Neste banco

están ventados

un pai e un fillo,

o pai chámase Xan

e o fillo xa cho dixen.

RUTH. 1º

ADIVIÑA Nuria Rey Díaz 1º

Se me das a volta parezo unha uve e teño un pau no medio da barriga.

CONTO Sara 1º

Había unha vez unha balboreta que cumplía os desexos e un día foi á casa dunha nena e a nena espertóuse e viu a balboreta e despedíuse dela.

Chiste

A herba é amarela e o sol verde.

Dani 1º

Adiviña

Sae de noite e escóndese de día.



1º

Conto

Peter Pan

Había un neno que se chamaba Piter Pan que ten medo ao capitán Garfio porque é pequeno e un pouco travieso.

aarío 1º

Chiste

Que lle dice un lobo a outro lobo?

Vai correr un pouco que estás moi flaco.



Chiste

Doutor, doutor, dóeme aquí.

Pois póñase alí!

Nenos e nenas de primeiro

Poesía

Somos os ladróns
que vimos xogar,
se está Marquiña
ímola convidar.

Cristian 1º

Poesía

Este noso maio
é moi lambeteiro,
vai comer os ovos
dentro do galiñeiro.

Cecilia 1º

Encrucillado Nomes de coches



Martín
(2º primaria)

POESÍA

A ESCOLA



Hai unha escola
no fondo do mar
e alí os peixiños
ían estudar
o que máis escribe
é o calamar
e o que menos sabe
non sabe nin a aaaa...



# A Caracola Máxica

Erase unha vez uns nenos chamados Xurxo e Santa Cruz.
Unha mañá encontraron unha Caracola Máxica no medio da praia -Para que serverá? dixo Xurxo.
E de súpeto falou a caracola.
-Eu son a Caracola Máxica!
E contoulles o que pasara: Nesta mesma praia hai un tesouro- dixo -Imos buscalo!
-Si, Si- dixo Santa Cruz. E buscaron o tesouro, entón viron unha equis e escavaron e encontrarono era o tesouro da Caracola Máxica.

Diego (2º de primaria)



# A Princesa que se perdeu

Erase unha vez unha princesa que se chamaba Loli. Era moi guapa, era rubia e tiña os ollos azuis

Un día foi a un bosque e encontrou unha casita e pasou a noite alí entón perdeuse, pero oía unha voz, era a súa nai para que fora a comer e encontrou a súa casa.

Fin

Alba (2º primaria)





SOPA DE LETRAS



BUSCA 5 NOMES DE FLORES

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| S | O | Ñ | A | B | Y | T | F | V |
| F | K | S | O | L | A | H | O | R |
| P | C | A | I | H | O | O | W | O |
| N | L | Ñ | O | C | A | Ñ | O | S |
| M | A | R | G | A | R | I | D | A |
| C | V | I | V | O | L | A | S | I |
| Y | E | B | B | O | L | O | N | S |
| P | L | A | R | T | L | A | N | O |
| C | P | E | T | U | N | I | A | O |



JORGE (2º DE PRIMARIA)



• Resolve este encrucillado



Enzo (2º de primaria)

Poesía





# As prantas



Ai as prantas,
que bonitas son!







Haínas por todas partes
dannos comida e o osíxeno.
Hai que boiñas son!





As plantas con flores, ¡hai que colores e olores!
que será de min sen flores!



Carla (2º Primaria)

# "LA MODA FASHIÓN"

Érase unha vez, unha nena chamada Elly que tiña unha nai chamada Rovy. Elly quería ser de maior unha diseñadora de moda. Un día sentouse no seu escritorio, colleu uns folios e... veña... veña a debuxar roupa, veña a debuxar roupa, pero despois de darlle moitas voltas se lle ocurriu un vestido rosa e cun cinturón de cadenas de ouro moi bonito. Despois o coseu e quedoulle moi ben. O 16 de maio había unha festa na casa do mar e foi con ese vestido. A toda a xente gustoulle moito e foi a reina do baile. O pasou moi ben e todos quixeron ser os seus amigos.

E SE ESTE CONTO TE HA GUSTADO, O SINTO MOITO, PERO SE HA ACABADO.

Patricia (2º de primaria)



# TRABALINGUAS

Conta un Conto, Conta dous
de Carapuchiña e o lobo feroz.
Conta tres, Conta catro
das botas que tiña un gato.



Conta cinco e Conta seis
sobre os traxes dun rei.
Conta sete, conta oito
do nariz de pinocho.
Conta nove, conta dez
e contaos outra Vez.

Celia (2º de primaria)

# TRABALINGUAS



O hipopotamo Hipo
está con hipo.
Quén lle quita ese hipo ao hipopo-
tamo Hipo?

Magalda (2º primaria)

# TRABALINGUAS

Debaixo dunha pipa tinta
hai unha pita pinta.
Cando a pipa tinta pinga
a pita pinta pia.

PABLO (2º primaria)



# Os 7 cabritiños

Erase unha vez 7 cabritiños que vivían nunha cabaña coa súa mamá.

Un día foi a súa mamá para comprar comida e cousas.

Díxolles a os cabritiños - non abrades a naide! e esperade a que veña.

Os cabritiños quedaron solos e veu o lobo, e petou a porta e despois intentou enganalos varias veces e conseguiuno. Abríronlle a porta e comeu-nos a todos, menos un que se escondeu.

Chegou a mamá e saliu o cabritiño. Foron ao bosque e cortoulle a barriga ao lobo. Sacaron a os cabritiños e, tiraron ao lobo ao río

Fin

Iago (2º primaria)



## O xardín.



Dona Pepa
ten un nomo
no xardín.

O nomo é moi
simpático e
tamén moi
saltarín.



(Clara (2º primaria)

## TRABALINGUAS



Cando contes
contos, conta
cantos contos
contas e a cantos lles
contas os contos.

Victoria (2º primaria)

ATOPA NESTA SOPA DE LETRAS O NOME DE 5 ANIMAIS.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| L | W | B | U | H | O |
| A | E | R | M | O | P |
| O | S | O | O | M | M |
| R | Á | X | N | F | W |
| M | L | O | O | A | R |
| T | I | G | R | E | S |

Diana (2º Primaria)

Busca cinco nomes de persoas

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| A | N | X | O | W | X |
| P | P | X | E | I | Z |
| B | A | W | L | L | W |
| W | T | R | I | X | A |
| X | R | E | S | W | X |
| E | I | Z | A | E | S |
| S | C | P | Z | W | X |
| L | I | M | N | M | W |
| Z | A | L | B | A | S |

Irea (2º primaria)

Busca nesta sopa de letras 5 nomes de Animais.

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A | E | B | C | N | O | P | Q | R | T |
| O | A | J | U | E | E | E | K | E | L |
| X | T | I | E | I | L | E | O | N | O |
| S | I | r | U | 8 | E | U | A | I | A |
| A | G | A | E | A | F | M | A | G | C |
| F | R | B | E | N | A | O | A | R | A |
| R | E | A | V | 8 | N | V | A | E | T |
| M | T | N | A | I | T | O | C | E | I |
| V | S | T | A | H | E | E | S | A | T |
| F | E | H | O | L | A | C | U | L | U |



Iria (2º primaria)







# A HORTA DE 3º

Este ano os nenos

e nenas de terceiro

plantaron unha horta.



Plantamos cenorias,
leitugas e tomates.



Cando as plantas
medrarón plantámolas na horta.









Fixemolo con

coidado e esmero.





Coidamolas e regamolas entre todos para así poder facer unha gran ensalada.

# A nosa vila.

Os nenos e nenas de 4º fixemos un traballiño sobre a fermosa vila onde vivimos.

Vivimos en San Ciprián aínda que oficialmente é San Cibrao...




Estamos no municipio de Cervo, na Mariña de Lugo...

En San Ciprián somos 4.369 habitantes.

Falamos galego e mais castelán...

Tradicionalmente foi un pobo de pescadores, destacando a captura de baleas...

A nosa vila tamén se coñece como a Península da Paz.

Forma unha península cara ao mar Cantábrico, formada pola unión dunha illa (Porto de Arriba) co continente (Porto de Abaixo.)





No mais alto da penínsola temos un faro...

Destaca polas suas praias, Cubelas, O Torno e a Canosa que atraen a moitos turistas nos meses de verán.





A un quilómetro e medio da costa están os Farallóns, que soon tres illas: Baixa, Sombriza e Pé.

Ademais de ser un lugar fermoso, temos moitas cousas...

- O Museo do Mar.



- A fabrica de Alcoa.



- A casa da Cultura.



- O centro de Saude.



- O IES Marques de Sargadelos.



- O CEIP Cervo Nº 1



- Un campo de futbol. - Un pavillon de deportes. - Unha piscina climatizada.

Somos coñecidos polas nosas festas...

- A Virxe do Carmen.



- A Mornxaina.



- A festa do Turista.



- A festa do ourizo.



Lucía, Gabriel, Blanca, Zaira, Iván, Irene, Javier, Anaís, Daniel, Dulcira, Fabio, Isaí, Izan, Manuel e Alejandro Queremos desexarvos a todos e todas un verán marabilloso. VEMONOS POLA VILA !!

Lucía Soto Gabriel Blanca Zaira P.M. Iván Irene f.i Javier

Fabio Suárez Dulci Daniel Alex Anaís/O Isaí Manuel

O día 24 de febreiro celebramos o día de Rosalía e TODOS FUMOS ROSALÍA.





# EU SON ROSALIA

Samuel

Elisa

Roi

David

Silvio

Eva

Desirée

Raúl

Marta

José López Lamelas

Ana

Alvaro

Zoe

María

Manuel

24- FEBREIRO - 2015

5º. E.P.

# A Dama de auga

Os día 18 de marzo celebramos no colexio o Día Mundial da Auga e das Árbores.
Este ano prantamos no xardín do colexio un pequeno acivro que nos regalou a Diputación Provincial, ao que lle puxemos o nome de "REDBUSH".
Traballamos cun libro titulado a "Dama de Auga" e aprendemos moitas cousas.

O libro "A DAMA da AUGA" Fálanos da contaminación das árbores, das distintas formas nas que podemos atopar a auga, na natureza. E A dama da auga levanos de viaxe por Galicia para coñecer unha serie de árbores importantes da provincia de Lugo. Tamén aprendimos moitas cousas mais.

Alicornio
Daphne
ondinas
Enos
Apolo
Gnenos
fadas
gnomos
Gaia
Melusina
ninfas
Ladón de náiades
Arcadia

SERES MITOLÓXICOS

No libro aparecem:

SERES REAIS

SERES REAIS







ÁRBORES E ARBUSTOS QUE APARECEN NO CONTO.

# PROPIEDADES DAS ÁRBORES

Abeleira: evita as meigas das corredoiras.

Amieiros: protexen os tesouros das ribeiras.

Bidueiro: escorrenta os malos espíritos.

Castiñeiro: Cura o mal de ollo.

Espiño: Mellora a circulación do sangue, suaviza a gorxa e prevén as catarreiras. É o arbusto das fadas, as súas flores brancas empréganse para facer licor e marmelada.

Loureiro: símbolo da honra, aplicacións culinarias.

Nogueira: Fonte de sabedoría, baixo da súa (honra) sombra non crecen outras especies. As noces son moi rican en aceites.

Salgueiros: serven para (desintoxica) descubrir as augas soterradas.

Teixo: ten capacidades tóxicas.

# VIAXE DA DAMA DE AUGA E RESERVA "TERRAS DO MIÑO"




OUROL : "TERRAS DO MIÑO"

OS ANCARES : VIAXE DAMA DE AUGA

TRABALLO FEITO POLO ALUMNADO de 5º E.P.

# Greguerías



O foguete é un xoguete explosivo.





A bufanda é para os que bufan de frío.

O peixe anda sempre de perfil.





A "F" é a billa do alfabeto.

O ventilador afeita a calor.





A xirafa é unha grúa que come herba.

A "T" é o martelo do abecedario.





A "I" é o dedo meñique do alfabeto.

ALUMNOS/AS 6º

# Caligramas [1] por 6º de primaria













[1] *Un caligrama é un poema feito debuxo*

un cándido sol que aluma porque o sente

seus raios son amorosos que tocan sutilmente na miña meixela

sinto os seus raios coma bicos, ama

unha calor que da vida

As princesas primorosas parécense moito a ti, cortan lirios, cortan rosas, cortan estros, elas sempre son así.

AMOR NON É AQUILO QUE QUEREMOS SENTIR, SENÓN AQUILO QUE SEN QUERER SENTIMOS.

A MAZÁ PODERÍA PERDER TODA A SÚA COMPAÑÍA. UNHA MAZÁ AO DÍA MANTÉN AO MÉDICO NA LONXANÍA. A MAZÁ

# EXCURSIÓN á CASA das CIENCIAS e ao DOMUS



O pasado día 20 de febreiro fomos de excursión á cidade de A Coruña. Nela participamos os alumnos de 5º e 6º de primaria, acompañados dos nosos titores e maila profe de música. Saímos de San Cibrao en autocar, ás oito e media da mañá. Durante a viaxe, para pasar o tempo, cantamos e xogamos. Fixemos unha parada nunha Área de servizo para poder ir aos baños. Chegamos á Coruña sobre as 11:15h.

Ás 11:30 da mañá tiñamos a visita á Casa das Ciencias que está situada no Parque de Santa Margarida. O primeiro que foi subir ao Planetario que estaba na última planta, na cúpula do edificio. Alí vimos unha proxección de vídeo das estrelas, constelacións e planetas. Foi impresionante!

Logo fomos baixando polas distintas plantas da Casa das Ciencias vendo exposicións didácticas e distintos experimentos físicos interactivos. No espazo da escaleira central, estaba oscilando dun lado a outro un Péndulo de Foucault.



Na planta baixa chamounos a atención que había unha incubadora con varios poliños, algún deles saíndo do cascarón.



Cando rematamos a visita na casa das ciencias, trasladámonos en autobús ao Domus, que está na outra parte da cidade, cerca da Torre de Hércules. No domus ou Casa do Home, había nenos e nenas de moitos colexios; un deles con cento de rapaces portugueses e a nosa compañeira Bea falou con algúns deles. Segundo chegamos fomos xantar ao comedor do domus porque xa era hora de comer. Despois de comer fixemos un percorrido por todas as plantas do Domus. Había moitos módulos interactivos para divertirse e aprender moitas cousas, xogando, sobre as características da especie humana: genética, alimentación, locomoción, inteligencia, evolución, etc. Na entrada da planta baixa víase un cadro moi grande da Gioconda, feito con miles de fotos de persoas.



Chamounos moito a atención o módulo da reprodu-ción, no que se podía ver un vídeo dunha nai dando a luz un bebé. E tamén a maqueta dun corazón xigante onde se escoitaba moi forte o seu latexo.

Arredor das cinco e media da tarde rematamos a visita. Saímos da Casa do Home e collemos o autobús para volver a San Cibrao. Choveu moito durante toda a viaxe de volta. Paramos a medio camiño a merendar, cerca de Guitiriz, na área de servizo Carefore. E chegamos a San Cibrao ás oito e media da tarde. A maior parte dos nenos e nenas baixámonos na parada da Casa do Mar. E os que quedaban, baixáronse na parada do Colexio.

Foi unha excursión moi divertida. E aprendimos un montón de cousas do mundo das ciencias e dos seres humanos.

Alumnos/as de 6º






*Marina - 6º*




Beatriz - 6º

# SPLIT WORDS

SANDW + ICHES = SANDWICHES

CA

SANDW ✓

BISC

SWE

ICEC

JAMT

ORA

DRI

CHOC

BAN



NKS

REAM

ANAS

NGES

OLATE

ETS

UITS

ART

KE

ICHES ✓

1. sandwiches 2. .......................... 3. .......................... 4. .......................... 5. ..........................

6. .......................... 7. .......................... 8. .......................... 9. .......................... 10. ..........................

# IN THE RIGHT PLACE

Farmer - Horse - Bathroom - sheep - Bananas - Garden -

Teacher - Ant - Cherries - oranges - cow - musician -

Kitchen - postman - strawberries - Balcony.



## HOUSE

______________

______________

______________

______________



## FRUIT

______________

______________

______________

______________



## JOBS

______________

______________

______________

______________



## ANIMALS

______________

______________

______________

______________

e

Los Sentidos 1º y 2º




Equilibrios 3º y 4º




# Educación Física





Acrosport 5º y 6º













# III Semana do Patín











# Magosto 2014

# SAMAÍN

















# EducaciónInfantil



















# Excursión Aquarium - Educación Infantil









# FESTIVAL NADAL 2014





















# Entroido 2015


Mosaico Día da Paz 2015

# CEIP "CERVO Nº1"

Estrada de Río Covo, s/n

27890 Lieiro - Cervo (Lugo)

Tlf. /Fax: 982594406

ceip.cervo.numero1@edu.xunta.es



## Curso 2014-2015

**Subvencionado por:**

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**O Equipo de Dinamización da Lingua Galega agradece a participación a todos os que fixeron posible a publicación desta edición.**